

O noso obxectivo é que todos/as os/as cidadáns/ás da nosa contorna teñan acceso flexible ao coñecemento relacionado coa educación superior mediante a modalidade da aprendizaxe semipresencial e a distancia, e ao desenvolvemento profesional e cultural de maior interese social.

Para iso integramos os seguintes aspectos:

- Directrices metodolóxicas da Sede Central
- Estratexias educativas do Padroado do Centro Asociado
- Iniciativas e demandas da sociedade
- Avances europeos en calidade e tecnoloxía
- Ofertas formativas da rede de centros da UNED

Os nosos valores

- Orientación ao estudante: O alumnado é o centro de todas as nosas decisións
- Profesionalidade: Perseguir a eficacia e eficiencia no traballo
- Compromiso coa sociedade: Participar en actividades do centro relacionadas coa sociedade
- Mellora continua: Apertura ao cambio, participación en melloras e aprendizaxe permanente.
- Responsabilidade Social[1]: máis aló do cumprimento da normativa vixente, xestionar todas as actividades con honradez e trato igualitario, optimizando os recursos dispoñibles e coidando o impacto ambiental.

Ana Traseira Pena-Directora

Dereitos dos estudantes

- Á liberdade de expresión, reunión e asociación no ámbito universitario
- A solicitar a actuación do Defensor Universitario para garantir os seus dereitos mediante os procedementos adecuados
- A ser orientados e asistidos nos estudos elixidos polo profesorado cos medios de ensino máis adecuados nas materias titorizadas
- A dispoñer en cada disciplina do material didáctico completo e adecuado á metodoloxía do ensino a distancia
- A ter acceso, ao comezo do curso, de xeito gratuíto, á información sobre ensinanzas, modalidades titorías e criterios de avaliación de materias e ao calendario das probas
- A ser avaliados obxectivamente no seu rendemento académico, obter revisión da cualificación conforme ás normas e recibir a súa notificación dentro dos prazos establecidos
- A colaborar nas tarefas de investigación tal e como está regulado nos estatutos

Deberes dos estudantes

- Exercer a súa condición co máximo aproveitamento e dedicación
- Respetar as normas de disciplina académica que se establezan
- Cooperar coa comunidade universitaria para o logro dos fins da universidade, e a conservación e mellora dos seus servizos
- Asumir a responsabilidade que comportan os cargos electos
- Empregar os medios de información para coñecer as orientacións das materias nas que estean matriculados
- Facer un correcto uso das instalacións, bens e recursos do Centro Asociado e da Universidade en xeral

A unidade responsable da Carta de Servizos é a Dirección da UNED de Lugo



@UNEDLugo



@lugouned



@unedlugo

a nosa oferta académica

- acceso a maiores de 25, 40 e 45 anos
- graos EEES

Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e Xurídicas	Enxeñería e Arquitectura
GRAO EN FILOSOFÍA	GRAO EN CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN	GRAO EN ENX. EN ELECTRÓNICA INDUSTRIAL E AUTOMÁTICA
GRAO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA	GRAO EN DEREITO	GRAO EN ENX. ELÉCTRICA
GRAO EN HISTORIA DA ARTE	GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL	GRAO EN ENX. EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
GRAO EN ANTROPOLOXÍA SOCIAL E CULTURAL	GRAO EN CRIMINOLOXÍA	GRAO EN ENX. EN TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS
	GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL	GRAO EN ENX. EN INFORMÁTICA
Ciencias da Saúde	GRAO EN ECONOMÍA	GRAO EN ENX. MECÁNICA
GRAO EN PSICOLOXÍA	GRAO EN PEDAGOXÍA	GRAO EN ENX. DA ENERXÍA
Ciencias Sociais e Xurídicas	GRAO EN SOCIOLOXÍA	Ciencias
GRAO EN CC. XURÍDICAS DAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS	GRAO EN TRABALLO SOCIAL	
GRAO EN ADE	GRAO EN TURISMO	GRAO EN CIENCIAS AMBIENTAIS

- ensinos de **posgrao**
Mestrados de EEES e un **Micromestrado**
Doutoramento EEES
- cursos de **formación permanente** (Sede Central), **22 Micrograos e 2 Micromestrados**
- cursos de **Extensión Universitaria** e do proxecto #LugoNaturaMente
- cursos **MOOC**
- **CUID:** Inglés, Alemán, Galego, Portugués e Chinés
- **UNED Sénior:** Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Sarria e Viveiro

formas de colaboración e participación de estudantes

Os representantes de estudantes:

- Participan no Padroado, Claustro do Centro e no Consello de Centro.
- Teñen acceso directo á Coordinación Académica e á Dirección do Centro para abordar cuestións académicas
- Participar activamente no funcionamento do Centro a través de enquisas de opinión

como presentar as súas queixas e suxestións para axudarnos a mellorar

- As queixas e/ou suxestións de mellora pódense realizar a través da páxina web do Centro, na Secretaría (CAIXA DE SUXESTIÓNS/QUEIXAS), e/ou Biblioteca. O Centro comprométese a responder en menos dunha semana.
- As reclamacións poden facerse en follas de reclamacións oficiais que poden atoparse na Secretaría do Centro.



Naturalmente



CARTA DE SERVICIOS

Centro Asociado UNED Lugo

18ª Edición—Curso 24-25



Coñece os nosos servizos académicos

información e orientación

- Oferta de estudos
- Organización académica e trámites administrativos da UNED
- Actividades formativas e culturais
- Tramitación de matrículas
- Plan de acollida (en Lugo)
- Web do Centro

titorías presenciais e telemáticas

- Orientación de métodos de aprendizaxe
- Explicación dos contidos fundamentais das materias
- Presentación de casos reais e/ou prácticos
- Asesoramento para afrontar as probas presenciais
- Avaliación de desenvolvemento do coñecemento
- Videoconferencia AVIP
- Uso de equipos informáticos e Internet

prácticas

- Prácticum das carreiras
- Supervisión de prácticas en empresas e institucións

biblioteca

- Préstamo de material bibliográfico
- Vinte e catro postos de lectura en biblioteca e sala de estudo (na sede de Lugo)

probas presenciais

- Realización das probas presenciais no Centro Asociado (Tolda de Castela, 4B).

actividades de Extensión Universitaria

- Cursos de actualización profesional
- Conferencias e xornadas
- Actividades culturais (exposicións, viaxes, etc.)
- Obtención de Certificados de Coñecementos COMA

COIE (Lugo)

compromisos de calidade

- Formación actualizada do 100% dos/as titores/as do Centro (cursos IUED e AVIP). Todos/as os/as titores/as dispoñán da titulación académica relacionada coa área de coñecemento que imparten e de certificación docente vixente do IUED.
- Realizar todos os meses lectivos 4 actividades formativas e/ou culturais, garantindo mensualmente unha actividade de extensión universitaria.
- Representantes do Centro atenderán todas as incidencias dos estudantes dentro do tempo de realización do exame.
- Facilitar o acceso de todos os estudantes do prácticum a organizacións ou empresas da contorna.
- Dispor de, polo menos, unha persoa coa formación adecuada para orientar directamente na matrícula en liña e resolver as dúbidas dos estudantes.
- Realizar, polo menos, o 90% das accións de acollida a estudantes propostas pola Sede Central para os centros asociados.
- Proporcionar información e orientación académica correcta e clara, respectando a confidencialidade dos datos persoais.
- Abrir a biblioteca, ininterrompidamente, 12,0 horas diarias (salvo en xornada reducida 5,5 horas/día). (Lugo)
- Dispor de 4 computadores operativos de libre uso. (Lugo)
- Prestar o servizo do COIE aos estudantes e egresados, polo menos, 4 horas semanais durante os meses lectivos (Lugo).



Edificio Hotel Miño (Sede UNED Lugo)

principal

normativa reguladora

- Lei Orgánica de Universidades
- R. D. 1239/2011, de 8 de setembro, Estatutos de la Universidade Nacional de Educación a Distancia
- Estatutos do Centro Asociado de Lugo
- Regulamento de Réxime Interno do Centro
- Regulamento Marco de Organización dos Centros Asociados
- Regulamento de selección de profesorado titor da UNED, concesión e revogación da venia docendi e vinculación cos Centros Asociados
- Estatuto do profesor titor
- Avaliación da actividade tutorial
- Regulamento da biblioteca da UNED
- Regulamento de probas presenciais
- Regulamento de representación de estudantes
- Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro Asociado

	Lugo	Foz
Secretaría	De luns a venres De 9-14 h. e de 16-21 h.	De luns a venres De 10:00 - 13:00 h. De 15:30 - 20:30 h. venres tarde pechado De 16-20:30 h.
Titorías	De 16-21 h.	De 16-20:30 h.
Enderezo	Tolda de Castela, 4B	Castelao, s/n
Teléfono	982280202 608577391	982133699 604034549
Web e RRSS	http://lugo.uned.es @lugouned	@aulauniversitariadefozuned
	Monforte	Viveiro
Secretaría	De luns a venres De 9-11 h. e de 16-21 h.	De luns a venres De 9-11 h. e de 16-21 h.
Titorías	De 16-21 h.	De 16-21 h.
Enderezo	Praza de España, s/n, 27400	Cervantes, s/n
Teléfono	982416236 644901906	982563601
Web e RRSS	@unedaulauniversitariademonfortedelemos	@UnedViveiro